

Xesús Veiga

O financiamento das comunidades autónomas: moito ruído e poucos acordos

praza.gal, 28 de marzo de 2025.

O acordo subscrito entre o PSC e ERC para facer posíbel a investidura de Salvador Illa como presidente da Generalitat abriu fortes polémicas no eido estritamente político e tamén nos ámbitos académicos e mediáticos.

Dadas a inevitábeis ambigüidades presentes na redacción deste tipo de pactos, as dúas forzas asinantes fixeron fincapé no que mais lles interesaba do punto de vista dos seus respectivos electorados. ERC afirmou que -a pesar de non figurar expresamente no texto acordado- estabamos ante a proposta dunha modalidade de concerto fiscal para Cataluña, substancialmente semellante ao que rexe para o País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra. Para o PSC, en troques, o que se promove é un modelo de financiamento singular que proporciona mellores niveis de suficiencia e autonomía para a Facenda catalá.

Certamente, a temática do financiamento das Comunidades Autónomas ten moitos anos de vida. A evolución desta problemática está vinculada, obviamente, á configuración xurídico-constitucional do actual Estado. Se non tiveran existido transferencias de competencias tan relevantes como as relativas aos sistemas educativos e sanitarios non se discutiría sobre os mecanismos de financiamento requiridos para acometer semellantes niveis de autogoberno. Se a prestación destes -e tamén doutros- servizos públicos estivese residenciada na Administración central do Estado carecerían de sentido os debates sobre as dúas cuestións básicas que se veñen prantexando dende hai décadas: cantos recursos financeiros son necesarios en cada Comunidade para acadar o cumprimento adecuado desas obrigas públicas e cal debe ser o nivel do poder fiscal que posibilite o achegamento deses fondos ás distintas Facendas territoriais.

Os modelos de financiamento autonómico vixentes nas últimas décadas estiveron totalmente condicionados polas estratexias das forzas políticas mais determinantes nos diversos espazos territoriais. Ate 1993, a maioría absoluta do PSOE provocou o mantemento dunha fasquía moi centralizada na concreción das características do modelo, sen contemplar sequera marxes mínimas de autonomía fiscal en favor das institucións das CC.AA. O papel singular de CiU na configuración do mapa político resultante no remate daquel ciclo hexemónico do partido dirixido por Felipe González abriu a porta ás cesións territorializadas de certos tributos, primeiro do IRPF (o 15% no ano 1993, o 30% -con certa capacidade normativa- no 1996 para asegurar a investidura de Aznar) e despois do IVE e dos Impostos Especiais (a partir do ano 2001).

A pesar dos cambios operados durante a década dos anos 90, os sucesivos modelos contiñandúas eivas decisivas do punto de vista dos resultados que provocaban na Facenda galega. Por unha banda, non garantían a provisión de recursos financeiros suficientes para que as institucións de autogoberno fosen quen de prestar uns servizos públicos de calidade homologábel á media do

Estado. E ademais, consagraban un poder fiscal reducido, pouco congruente co rango constitucional de nacionalidade histórica, e inferior ao que acadaban outras comunidades por mor do tratamento territorial simétrico na fixación das porcentaxes de cesión da cesta de tributos, o cal provocou un resultado desigual na capacidade de autofinanciamento das necesidades de gasto e no nivel de autonomía fiscal efectiva de cada comunidade.

As iniciativas para facer realidade a prometida renovación do caducado -dende 2014- modelo de financiamento autonómico deberían contemplar, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Superar a confusión conceptual entre Estado e Administración Central, que ten alimentado a lóxica discursiva da pretendida restrición no uso de recursos fiscais por parte das CC.AA. para non pór en risco o propio mantemento do Estado. Semellante confusión estivo conectada cunha visión notoriamente centralizadora do desenvolvemento do marco constitucional e estatutario que só a partir de 1993 –coa perda da maioría absoluta do PSOE de Felipe González- comezou a ter unha corrección de tendencia autonomista.

b) Asegurar unha vontade política transversal que faga posíbel a elaboración dun mapa do custe da prestación de servizos públicos en cada territorio, tendo en conta que a LOFCA esixía -dende o seu nacemento- tal instrumento comparativo para asegurar o cumprimento do seu contido. Sen esa vontade non será viábel, na práctica, a utilización de criterios obxectivos non contaminados pola correlación de forzas presente no escenario político.

c) Rematar coa tradicional inhibición demostrada pola maioría dos gobernos autónomos –coa lóxica excepción do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra- á hora de reclamar unha maior dimensión do poder fiscal propio para non ter que asumir as consecuencias electorais de posuír mais responsabilidades na política tributaria.

No desexábel debate que se está rexistrando a respecto do financiamento autonómico, existen diversos aspectos interrelacionados que poden –e deben- ser diferenciados a efectos analíticos:

a) A desigualdade no nivel de desenvolvemento económico e no de benestar social forma parte da lóxica asociada ao sistema económico dominante e ten operado, por tanto, no interior do Estado español. É sabido que os defensores deste sistema poñen en circulación argumentos explicativos que mistifican a realidade e presentan a desigualdade e a dependencia como realidades derivadas da incapacidade dos países e das sociedades que as padecen ou como “efecto colateral” inevitábel do suposto progreso xeral da humanidade.

b) As relacións económicas entre dous ou mais territorios non deben ser reducidas á contabilización dos fluxos fiscais que se rexistren entre eles en tal ou cal momento do tempo.

c) Ten pouco sentido falar de autogoberno se non existe un nivel de poder fiscal propio que lle outorgue credibilidade e solvencia.

d) Constitúe unha falacia identificar autonomía ou soberanía fiscal cunha situación de privilexio e afirmar -explícita ou implícitamente- que só poden aspirar a ter un poder fiscal propio aqueles territorios que teñen maiores niveis de riqueza relativa. A hipercentralización non asegura o desenvolvemento

económico e social (lembramos a situación de Galiza no franquismo) pero a soberanía fiscal –por ela mesma- tampouco garante a suficiencia de recursos que propicie un determinado nivel de benestar (téñanse en conta as desigualdades existentes na actual UE).